

As clases sociais en Atenas

Diceópolis vive nunha aldea da Ática chamada Colidas, a uns vinte quilómetros ao sueste de Atenas. Aínda que Atenas e o seu porto, O Pireo, formaban unha cidade moi grande para o común da antigüidade, a meirande parte dos atenienses vivía e traballaba no campo. Segundo o historiador Tucídides, cando a Ática tivo que ser evacuada antes da invasión peloponesia do ano 431 a. C. “a evacuación resultoulles difícil, posto que a maioría acostumárase a vivir sempre no campo.

A meirande parte dos habitantes da Ática eran labregos coma Diceópolis. As súas fincas eran pequenas: entre cinco e dez hectáreas. O que cultivaban delas dependía en grande medida da zona na que vivían. Na chaira próxima a Atenas, os produtos principais eran verduras e gran (σῖτος), pero gran parte do solo da Ática é accidentado; esas terras, máis pobres, dedicábanse ao viñedo, oliveiras, ovellas e cabras. Todos os labregos tentaban ser autosuficientes, pero poucos o lograban: dous terzos do gran consumido en Atenas era importado. Se había excedentes, por exemplo de aceite ou viño, levábano aos mercados atenienses para vendelos e mercar o que non producían por si mesmos.

A nivel administrativo, os cidadáns atenienses dividíanse en catro clases, segundo as propiedades que tivesen. A clase superior, os **pentacosiomedimnos** ou millonarios, moi pouco numerosa, estaba composta polos que as súas facendas producían cincocentos medimnos (51,84 litros) de gran ou líquido ao ano.

A segunda clase, tampouco moi numerosa, eran os **hippeis** ou cabaleiros, que posuían facendas capaces de producir entre 500 e 300 medimnos ao ano e podían manter un cabalo (ἵππος); estes constituían a cabalería no exército.

A terceira clase, a máis abundante, era a dos labregos, coma Diceópolis, chamados **zeugitas**, porque podían manter unha xunta de bois (ζεύγος). No exército eran a infantería pesada, e producían entre 300 e 200 medimnos ao ano.

A cuarta clase eran os **tetes**, traballadores a soldo, que non posuían terra, ou, polo menos, non a suficiente para manter unha familia. A súa produción non pasaba dos 200 medimnos.

As fontes escritas que conservamos preséntannos os labregos coma a columna vertebral da democracia ateniense: robustos, laboriosos, aforradores, sinxelos, pero astutos. Nas comedias de Aristófanes a cotío contrastan cos políticos aproveitados, os cabaleiros decadentes e os comerciantes avaros.



